




RÍO MIÑO. A POUSA

Adela Leiro, Mon Daporta
novembro 2017



Distancia: 1,5 km (ida e volta)
Dificultade: baixa



No concello de Crecente un dos poucos sitios nos que é posible achegarse ao Miño é na Pousa. Un lugar no que o río, que ven de estar retido no encoro das Frietas e apertado entre as paredes da canle e varios atrancos e pesqueiras, se abre nun amplo espazo no que a auga se remansa e deposita parte da súa carga, coa que forma unha longa praia de coios, antes de volver a encaixarse para seguir a correr, agora xa sen grandes atrancos, cara ao mar. Para achegarnos alí temos que ir á estación da Pousa, sinalizada na estrada de Crecente a Arbo, deixamos o coche ao pé da estación, á sombra das árbores, e camiñamos logo pola beira da estrada que permite pasar ao outro lado da vía do tren, por enriba da boca do túnel, antes de rematar ao pé dunhas casas (pódese ir co coche ata o final pero non hai moito sitio para deixalo). Onde remata a estrada temos, á dereita, un carreiro marcado polas pegadas da xente na cuberta de tradescantia, unha planta invasora de orixe suramericana que medra por todas partes aproveitando a sombra e a humidade do lugar, ao pouco o carreiro bifúrcase e baixando polo ramal da esquerda imos dar a unhas pedras no punto onde o río entra no espazo e desde onde podemos gozar dunha panorámica do sitio en toda a súa extensión. Volvendo logo un algo atrás, e collendo o outro ramal do carreiro, camiñamos por un bosque mesto de carballos, freixos, loureiros, salgueiros no que tamén hai varias nogueiras e algúns lidoiros, árbores que en Galiza só se atopan en bosques das zonas de clima mediterráneo, entre eles un exemplar de máis de catro metros de perímetro, ata que baixamos á beira do río para camiñar pola ampla e espazosa praia de coios luídos polo rodar nas augas do río e achairados por procederen de rochas cos materiais dispostos en capas. É unha visita para facer cando o río leva pouca auga porque con augas altas cubre a raña e parte das pedras e non deixa espazo para camiñar por elas.



Restos de antigas pesqueiras

